

A nosa referencia: 2 - Secretaría
Expediente: 2025/G010/000007

Notifícolle que o Sr. alcalde en funcións, con data 15-04-2025, ditou a resolución núm. 342/2025 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o escrito presentado por don Ramón Boga Moscoso, rexistrado de entrada ao núm. 202599900002239, o día 15 de abril de 2025.

En uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 97 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro: Convocar sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal para o luns 21 de abril de 2025, ás 12:00 horas, coa seguinte orde do día:

- 1º Pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar
- 2º Toma de coñecemento da renuncia presentada por Ramón Boga Moscoso ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre

A urxencia da convocatoria vén motivada porque no escrito presentado, don Ramón Boga Moscoso solicita a reincorporación ao seu posto de funcionario de carreira a partir do día 21 de abril de 2025, para o cal é necesario a previa renuncia ao seu cargo de concelleiro no Concello de Cambre.

Segundo: Notificar aos señores concelleiros e concelleiras que integran a corporación.»

O que se lle notifica para os efectos oportunos.

Cambre, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

TABOLEIRO DE ANUNCIOS